

TEMA 21. O MOVEMENTO OBREIRO NO SEXENIO DEMOCRÁTICO E NA RESTAURACIÓN

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado terá que **contextualizar a expansión do movemento obreiro no período político do Sexenio Democrático**, relacionándoo co recoñecemento de dereitos na constitución de 1869 e coa influencia da AIT. Tamén deberá ofrecer unha **explicación básica dos principios esenciais defendidos polas ideoloxías obreiras anarquista e marxista/socialista** (obxectivos e medios empregados para a súa consecución). Así mesmo, cumpriría que se referise á **evolución do movemento obreiro no último terzo do século XIX**, sinaladamente da **Restauración**, como momento de consolidación das organizacións de traballadores e do recoñecemento dos sindicatos, sen esquecer os episodios represivos.

Desde as décadas iniciais do século XIX producíronse importantes cambios na estrutura e organización social española. Os máis significativos foron a liquidación da sociedade estamental, o crecemento da burguesía, a formación do proletariado obreiro e a organización da sociedade de clases. A sociedade fíxose moito máis fluída e con maior mobilidade fronte á sociedade estática e inmovilista do **Antigo Réxime**. De todas estas modificacións saíu especialmente favorecida a **burguesía**, que logrou a eliminación dos obstáculos que se opoñían ao seu enriquecemento e ao acceso ao poder político.

Na nova sociedade de clases que se configurou paralelamente á industrialización e ao desenvolvemento capitalista liberal, existiu unha importante conflitividade social que deu orixe ao nacemento de organizacións que loitaron para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora. O conxunto destas actividades recibe o nome de **movemento obreiro**. Segundo as épocas e a problemática concreta de cada colectivo ou da poboación laboral en xeral, presentou formas diferentes de actuación e organización seguindo os modelos defendidos polas principais ideoloxías inspiradoras das organizacións obreiras: **anarquismo e socialismo marxista**.

Os principios liberais de liberdade de contratación e salarios, o interese da burguesía de obter os máximos beneficios e a falta de regulamentación laboral, fixeron que os traballadores industriais estivesen sometidos a duras condicións de traballo: longas xornadas, baixos salarios, ausencia de dereitos, sometemento ao ritmo das máquinas... Ademais, o emprego de man de obra infantil e feminina foi moi abundante, pois o menor salario que recibían animou a súa contratación por uns patróns ávidos por obter os maiores beneficios.

AS PRINCIPAIS FORMAS DE ORGANIZACIÓN E PROTESTA

- A reacción contra as máquinas: o ludismo

As primeiras protestas obreiras en España aconteceron nas décadas de **1820 e 1830**, en paralelo cos inicios da industrialización e a introdución de máquinas. Os obreiros reaccionaron, ante a perda do seu traballo ou o empeoramento das súas condicións de traballo, coa destrución das fábricas e das máquinas, ás que consideraron as causantes da súa desgraza. Estas accións, denominadas **ludistas** (en lembranza de **Ned Ludd**, un obreiro téxtil inglés que a tradición considera como primeiro destrutor de máquinas), iniciáronse en Levante (**Alcoi**, 1821) e Cataluña (incendio en 1835 da fábrica **El vapor de Bonaplata**) e continuaron durante décadas como actos puntuais e de escasa repercusión, xa que se trata de movementos esporádicos, de escasa planificación, materializados en actos violentos e destrutivos, duramente reprimidos e castigados polas autoridades.

- A protesta organizada: sociedades de resistencia, sindicatos de oficios e a folga

Ante o triunfo do modelo de produción industrial-capitalista e para coordinarse na defensa dos seus intereses e facer forza conxunta fronte aos patróns, os traballadores das fábricas e talleres foron creando paulatinamente diferentes **asociacións, sociedades de resistencia ou socorro mutuo e sindicatos por oficios**.

Inicialmente, a lexislación liberal, en apoio da liberdade de mercado e de empresa, prohibía a formación das asociacións obreiras para modificar prezos e salarios. Por iso as primeiras foron creadas baixo a aparencia de sociedades de carácter mutualista e benéfico para facer fronte a unha enfermidade, accidente, despido ou morte dos seus asociados. En España as **sociedades de socorros mutuos** foron legalizadas en 1839, aceptadas porque suplían o escaso labor asistencial do Estado liberal. Baixo eses amparo legal multiplicouse o seu número nos diferentes oficios e foron aproveitadas, por diferentes sectores obreiros, para funcionar como sociedades de resistencia ou sindicatos de oficios e coordinarse nas súas demandas laborais de incremento salarial e redución de xornada ante os patróns. Por iso a partir da década de 1840, no reinado de **Sabela II**, cos gobernos moderados, viron limitadas as súas funcións, mentres que no **Bienio Progresista** (1854-55) solicitaron o dereito de asociarse para loitar polos seus intereses.

Non o conseguiron ata despois da revolución de 1868 coa promulgación da **Constitución de 1869**, que recoñecía o dereito xenérico de asociación. Durante o Sexenio Democrático multiplicándose os sindicatos por oficios así como a súa coordinación, no marco da **AIT**, e as accións reivindicativas. Pero pouco durou esa situación xa que tras a Restauración

borbónica en 1874 os gobernos conservadores perseguiron o asociacionismo obreiro, prohibindo a súa actuación, aínda que subsistiron na clandestinidade. No entanto, co Goberno liberal de **Sagasta** en 1887 promulgouse a **Lei de Asociacións** que legalizou os sindicatos; a partir de entón actuarán publicamente, sen máis restricións que as establecidas nas leis ordinarias.

Como arma de loita, eses sindicatos obreiros empregaron a **folga** (abandono do traballo) para tratar de conseguir dos patróns aumento de salarios, redución da xornada laboral ou melloras nas condicións xerais nas que realizaban o traballo. Diferenciábase a folga parcial (dun sector laboral), xeral (de todos os sectores dunha cidade ou dun país) e xeral revolucionaria (cando ás peticións de carácter laboral se suman as de cambio social e político).

AS NOVAS IDEOLOXÍAS OBREIRAS

Na segunda metade do século XIX apareceron novas ideoloxías que tiveron unha fonda repercusión nos movementos sociais, especialmente naqueles directamente relacionados coas organizacións de proletarios: **anarquismo** e **socialismo marxista**. Tanto a ideoloxía anarquista como a marxista, perseguían un mesmo **obxectivo: eliminar a propiedade privada e lograr a igualdade social**. Pero propoñían **métodos diferentes** para logralo:

ANARQUISMO

Foi introducido a partir de 1868 en España por **Giuseppe Fanelli**, amigo e discípulo de **Bakunin**. O anarquismo tivo unha grande influencia no movemento obreiro español, especialmente en **Cataluña, Levante e Andalucía**. O seu obxectivo básico era a transformación revolucionaria e total da sociedade capitalista mediante:

- A destrución do Estado.
- A eliminación de calquera tipo de autoridade ou poder (político, relixioso, familiar, económico, militar).
- A supresión da propiedade privada e a abolición do dereito de herdanza.
- A eliminación de todo tipo de diferenza socioeconómica.
- A nova sociedade anarquista debía organizarse en comunas autónomas, gobernadas en réxime de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción.

Esta transformación social debían realizala os propios traballadores, especialmente os sectores máis desfavorecidos e a nova sociedade anarquista, a xurdida da revolución,

debía organizarse en **comunas autónomas**, gobernadas en réxime de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción.

Os anarquistas desconfiaban da loita política como medio para lograr a transformación da sociedade, por iso practicaron a abstención e o retraemento electoral. Como vía de loita revolucionaria propuxeron diversos medios, o que deu lugar á aparición de fortes discrepancias entre eles: creación de sindicatos, folga xeral revolucionaria, emprego da violencia e do atentado (propaganda pola acción).

SOCIALISMO MARXISTA

Foi **Paul Lafargue**, xenro de **Marx**, quen introduciu e divulgou o pensamento marxista en España durante a súa estadía en 1871. Os obxectivos marxistas centráronse en conseguir a sociedade socialista mediante a transformación da capitalista, e para iso había que ter en conta que:

- As condicións materiais e económicas determinan e modifican as condicións sociopolíticas dunha comunidade.
- O medio máis eficaz para conseguir a modificación da sociedade é a **loita de clases**.
- Estes cambios debía realizalos o **proletariado**, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros.
- Os traballadores debían conquistar o poder e utilizar o Estado como instrumento de nivelación social.
- Unha vez conquistado o poder, o proletariado debía impoñer medidas de fora: expropiación da propiedade privada e dos medios financeiros e de produción, que debían pasar ao Estado (**ditadura do proletariado**).
- Lograda a colectivización e socialización dos medios de produción, todos os individuos deberían ter iguais condicións de vida (desaparición das clases sociais) na nova sociedade socialista.

EVOLUCIÓN DO MOVEMENTO OBREIRO NO ÚLTIMO TERZO DO S.XIX

A Federación Rexional Española da AIT

En **1864** fundouse en Londres a **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**, tamén coñecida como **I Internacional**, co obxectivo de potenciar a unión e a loita dos traballadores pola súa emancipación en todo o mundo. En España, a introdución da **AIT** produciuse en 1870 coa fundación en Barcelona da **Federación Rexional Española**

(FRE), organización federativa constituída por distintas seccións obreiras e integrada na AIT. **A maioría destas seccións aceptaron e defenderon as consignas anarquistas.**

A FRE iniciou unha rápida expansión por toda España, alcanzando o seu máximo desenvolvemento en 1873 con case 40.000 afiliados, na súa maioría traballadores de **Cataluña, Levante e Andalucía** (en **Galicia** era poderosa a dederación da **Coruña**). Este crecemento provocou un forte temor nos empresarios e políticos liberais. Acontecementos como o **levantamento popular de Alcoi** en 1873, no que participaron numerosos internacionalistas, propiciaron a prohibición das actividades da Internacional en España en 1874, aínda que seguiu actuando na clandestinidade ata a súa disolución en 1881.

As organizacións anarquistas

A pesar de compartir uns ideais comúns, no anarquismo conviviron **distintas tendencias** diferenciadas tanto polos matices ideolóxicos como polas tácticas desenvoidas. Cómpre diferenciar:

- **Os partidarios de centrar as actuación no terreo sindical e de crear organizacións que defendesen os principios colectivistas e antiautoritarios.** Simpatizantes desta corrente fundaron en 1881 en Barcelona a **Federación de Traballadores da Rexión Española (FTRE)**, herdeira da FRE. As disensión ideolóxicas entre os seus membros, especialmente entre as seccións agrarias andaluzas e as industriais catalás, provocaron que en 1888 se transformase en **Federación de Resistencia ao Capital**, buscando a unión de todas as tendencias e asinando pactos de unión e solidariedade que tiveron unha vida efémera.

A finais do século XIX, as federacións locais anarquistas mantíñanse moi activas, pero foron incapaces de integrarse nunha única organización. O intento máis destacado foi o de **Solidariedade Obreira**, moi activa en Cataluña nos anos 1906 e 1908. A reacción anarquista ante a represión desatada despois da **Semana Tráxica de Barcelona** propiciou a fundación, en 1910 nesa cidade, do sindicato **Confederación Nacional do Traballo (CNT)**, que defendeu a **folga xeral revolucionaria** como a táctica esencial para a emancipación da clase traballadora.

A CNT tivo o maior apoio social entre o campesiñado andaluz e o proletariado industrial de Cataluña, Zaragoza e Valencia. Negouse a participar no xogo político, buscando a acción directa cos empresarios. Entre os líderes partidarios da acción sindical destacan **Ángel Pestaña e Salvador Seguí**. A partir de 1923, coa ditadura de **Primo de Rivera**, os sindicatos cenetistas foron clausurados. En plena clandestinidade, e ante a actitude

dalgúns líderes da CNT partidarios de buscar vías máis posibilistas, os máis radicais fundaron en 1927 a Federación Anarquista Ibérica (**FAI**).

- **Os anarquistas máis extremistas defenderon o emprego da propaganda pola acción, con atentados contra intereses e personalidades da clases dominante** como medio para conseguir o derrubamento da orde establecida. A partir de 1878, os seus partidarios foron os responsables de numerosos atentados e asasinatos de personaxes que consideraban símbolos da opresión: atentados contra Afonso XII e Afonso XIII; asasinatos dos presidentes e Goberno Cánovas, Canalejas e Dato; militares, bispos, políticos, terratenentes, industriais... Nesta liña de actuación encádrase a organización andaluza **Man Negra**, anarquista, secreta e de vida breve (1882-1883) pero magnificada pola policía e a prensa da época.

As organizacións socialistas marxistas

No nacemento destas organizacións destacou o tipógrafo ferrolán **Pablo Iglesias Posse**, alma indiscutible do socialismo español e máximo impulsor do partido político e do sindicato socialista.

- **O Partido Socialista Obreiro Español (PSOE)**, o terceiro desta ideoloxía en Europa, foi fundado clandestinamente en 1879 por socialistas madrileños. Contaba cun periódico. El Socialista, fundado en 1886 e, tras a publicación da Lei de Asociacións de 1887, celebrou o seu primeiro Congreso en 1888.

- **A Unión Xeral de Traballadores (UXT)** foi constituída como federación de sindicatos socialistas en 1888.

Unha das particularidades de ambas organizacións foi a estreita interdependencia existente entre o partido e o sindicato así como a dobre militancia dos afiliados e dos membros das respectivas executivas. As zonas de maior implantación inicial foron Madrid, Biscaia e Asturias e, posteriormente, Cataluña e o campo andaluz. En 1889 ambas organizacións, representadas por Pablo Iglesias, contribuíron á fundación en París da **Segunda Internacional**. Entre os seus acordos estaban a conquista do poder político polos traballadores, a declaración do **Primeiro de Maio** como día da clases obreira e a loita pola xornada de oito horas.

A partir de 1890, o PSOE presentou candidatos ás eleccións municipais e xerais. En 1909 os socialistas formaron unha alianza electoral cos republicanos que permitiu a elección de Pablo Iglesias como o primeiro deputado obreiro en 1910.